

PEPE ÁLVAREZ VISITA STELLANTIS VIGO E REÚNESE COA SECCIÓN SINDICAL DE UGT NA FACTORÍA

## NECESITAMOS UNHA REINDUSTRIALIZACIÓN COMPROMETIDA CO MEDIO AMBIENTE, O EMPREGO E OS DEREITOS



**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, visitou este mércores a fábrica de Stellantis en Vigo, acompañado dos secretarios xerais de UGT-Galicia, UGT-Vigo, UGT FICA Galicia e UGT FICA Vigo. Nesta visita reclamou ao Goberno “seguir mantendo o noso posicionamento a nivel mundial no sector do automóbil” e unha reforma integral da Lei de Prevención de Riscos para protexer ás persoas traballadoras das ondas de calor.

“Estamos nun momento crucial para a transformación do automóbil”, sinalou, “que vemos con moito interese. O Goberno dedica unha parte importante dos fondos de reconstrución a este proceso transformador. Somos un país que vende moito máis ao exterior que ao interior e temos que continuar mantendo o noso posicionamento a nivel mundial no sector do automóbil e a súa industria auxiliar”.

Durante a visita, Pepe Álvarez reclamou ao grupo Stellantis que “acabe coa alta eventualidade e rotación nos contratos do seu persoal. Cóntame que a empresa preocúpase por todos os temas referentes á reforma laboral, que ten flexibilidade suficiente para implementarse a través da negociación colectiva. Que a implemente na empresa e aumente as condicións do seu persoal”.

### A Lei de Prevención de Riscos débese adaptar ás ondas de calor

Preguntado polas medidas necesarias para combater a nivel laboral a onda de calor que sofre o noso país durante as últimas semanas, o secretario xeral de UGT demandou unha “reforma integral da Lei de Prevención de Riscos Laborais para incorporar as consecuencias desta

onda de calor nas persoas traballadoras”.

Neste sentido, considerou que “a Lei quedou obsoleta. Non hai referencia a un fenómeno relativamente novo como son os golpes de calor. Hai que lexislalo. Pero isto non pode ser excusa para que as empresas e as Administracións Públicas non preveñan e estén morrendo persoas traballadoras”.

Explicou que “hai un mes se lle propuxo a Madrid que se puxesen en marcha normas que permitisen que na limpeza viaria se puidese descansar durante as horas de máis calor e así evitar estas situacións de enfermidade ou falecemento que están a suceder”, lembrou. Por iso, reclamou a necesidade de reformar a Lei, “establecendo de maneira nítida a partir de cantos graos non se pode traballar ao sol por cuestións de saúde laboral”.

**Dende UGT pídese que á próxima xuntanza, xa co informe de Rede Eléctrica concluído, acuda Endesa porque se o informe é favorable habería que analizar as consecuencias laborais dunha posible reactivación**

## **UGT FICA GALICIA VALORA A REUNIÓN MANTIDA CO MINISTERIO PARA ANALIZAR O FUTURO DA CENTRAL TÉRMICA DE AS PONTES**

**Para o Sindicato, unha posible reactivación da central daría tempo a unha transición máis pausada para ir desenvolvendo os proxectos alternativos**

**Redacción.-** UGT FICA reuniuse este martes, xunto con CCOO, coa directora de Transición Xusta do Ministerio para a Transición Ecolóxica en Madrid. Nesta xuntanza, trasladóuselles aos sindicatos que na reunión mantida a semana pasada con Endesa esta empresa amosouse disposta a acometer a reactivación da central pontesa.

Dende o Ministerio tamén se adiantou que, ben esta semana ou a que ven se vai presentar o informe de Rede Eléctrica cuxo contido será analizado a vindeira semana na reunión que UGT e CCOO manterán de novo co Ministerio para concretar xa máis asuntos.

Unha das preocupacións do Sindicato era que, no caso de que se reactive a central térmica de As Pontes para compen-

sar as posibles carencias que poida haber no subministro de gas como consecuencia da guerra en Ucraína, ante as ameazas rusas, se puidesen perder as axudas europeas destinadas á comarca para garantir unha transición xusta pola perda, precisamente, da actividade da central. Non obstante, o Ministerio aclarou que estas axudas, así como os proxectos, manteranse porque a reactivación sería algo conxuntural.

Por outra banda, dende UGT FICA solicitouse que na próxima reunión fose convocada tamén Endesa porque, no caso de que o informe de Rede Eléctrica sexa favorable á reactivación, haberá que abordar todos os temas de carácter laboral, reincorporación de traballadores da central potesa



e tamén dos traballadores das auxiliares.

Para UGT FICA Galicia, esta xuntanza foi positiva en tanto en canto unha posible reactivación vai permitir acometer unha transición máis pausada e ir asentando pouco a pouco os proxectos paralelos previstos para a comarca, co fin de garantir unha transición xusta, como sempre demandou o Sindicato.

## **UGT FICA VIGO INSTA Á XUNTA Á CONVOCATORIA DA MESA DO NAVAL DA RÍA DE VIGO**

**Redacción.-** O pasado luns UGT, CCOO e CIG fixeron entrega dunha petición unitaria para que a delegada da Xunta convoque a Mesa do naval da Ría de Vigo.

O secretario xeral de UGT FICA Vigo considera que a industria naval da comarca precisa con urxencia un proceso de modernización que aposte pola estabilidade no emprego e a mellora das condicións de traballo para as persoas do sector.

As administracións e os empresarios

teñen que sentarse á Mesa con vocación de apoiar ás persoas traballadoras, así como o fan as organizacións sindicais solicitando apoio ao financiamento e axudas para fortalecer e dinamizar o sector.

Demandou que se busque entre todas a partes implicadas as pancas necesarias para relanzar o sector naval na Ría de Vigo, é o momento de acertar aproveitando a



oportunidade que brindan os fondos europeos.

## **OS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE PESCANOVA ARTEIXO RETOMAN AS MOBILIZACIÓNS**

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras da factoría que Pescanova ten en Arteixo decidiron retomar as mobilizacións despois de que o pasado día 19 se celebrase a última reunión coa empresa sen que se puidese pechar ningún tipo de acordo.

Os traballadores e traballadoras demandan a cantidade de 190 euros ao ano, a empresa só lles ofrece 110, para compensar as diferenzas salariais que existen

a día de hoxe coas outras factorías do grupo.

Ante a falta de acordo, retómanse as mobilizacións. Este xoves tivo lugar a media mañá unha concentración fronte á sede de Abanca na Coruña, xa que é esta entidade a que ten o 98% das accións da compañía.

Dende o Comité de empresa déixase ben claro que continúan dispostos a nego-



ciar para intentar chegar a un acordo, pero un acordo que sexa digno e suficiente para os traballadores e as traballadoras do centro de Arteixo.

## É FUNDAMENTAL POÑER EN MARCHA MEDIDAS QUE REVERTAN A SITUACIÓN ACTUAL DOS LUMES FORESTAIS

**Redacción.-** Desde UGT instamos aos distintos gobernos, central e autonómicos, a que adopten políticas que aposten polo mundo rural e por reforzar os operativos de extinción, dotando a estes profesionais dun marco regulatorio que os dignifique.

As altas temperaturas que estamos a soportar, nesta segunda onda de calor, volveron a elevar o nivel de risco por incendios forestais a risco extremo na maior parte da península. Estamos a asistir a unha simultaneidade de incendios, máis de 30 activos,

Segundo os expertos, estamos máis preto cada día, de sufrir incendios de 6ª xeración que, como xa sabemos, son máis agresivos, virulentos, impredecibles e arrasaron unha maior superficie en pouco espazo de tempo.

En España os incendios forestais están a converterse nun grave problema, xa que poñen en perigo non só o patrimonio natural, senón que tamén poñen en serio risco á cidadanía e as súas poboacións e, por suposto, aos operativos que se dedican á extinción de incendios forestais, que viven, cada vez máis, situacións de risco que poñen en perigo a súa vida.

O cambio climático provoca fenómenos extremos como as ondas de calor que vimos sufrindo pero as ondas de calor non prenden os montes, aínda que si que inflúen, dunha maneira moi clara, en que ardan. Os nosos montes están sometidos a un estrés hídrico moi grande, que os fai máis inflamables, o que, sumado ao abandono do mundo rural, ao abandono do campo fai que estean cheos de combusti-

ble vexetal, listo para arder. A fórmula perfecta para que España arda, como estamos a ver, polos catro custados.

A primeira onda de calor do verán, a mediados de xuño, deixou un número importante de incendios en 23 provincias de España.

Ata xuño deste ano arderon máis de 81.800 hectáreas, o 76% no último mes. O que supón case tantas hectáreas como en todo o ano 2021.

E isto non é un feito illado, o que ocorre en España repítese na Unión Europea. Segundo os datos de Copernicus, a superficie abrasada multiplícase por tres respecto á media dos últimos 15 anos por estas datas.

En definitiva, España é un país especialmente vulnerable para os efectos do cambio climático, onde se prevé que as ondas de calor sexan cada vez máis frecuentes e duradeiras, polo que temos que estar preparados, facendo máis resilientes os nosos bosques e establecendo un plan de xestión no mundo rural que fomente o emprego de calidade e que fixe poboación.

Desde UGT instamos aos distintos gobernos, central e autonómicos, a que adopten políticas que aposten polo mundo rural



e por reforzar os operativos de extinción, dotando a estes profesionais dun marco regulatorio que os dignifique. É fundamental que estes profesionais teñan contratos estables e condicións de traballo dignas e seguras. Os traballos de extinción de incendios xeran numerosos riscos para a seguridade e saúde dos equipos de extinción, precisamente esta semana cumprense 17 anos do incendio de Guadalaxara no que faleceron 9 bombeiros forestais e 2 axentes ambientais.

Urxe, por tanto, aprobar a Lei do Estatuto Básico do Bombeiro e Bombeira Forestal e tamén aprobar a Lei Básica Estatal de Axentes Medio Ambientais.

É fundamental poñer en marcha medidas que revertan a situación actual dos incendios forestais e que rompan co círculo vicioso existente entre o lume e o cambio climático.

## A XUSTIZA ANULA A RETIRADA DAS RÚAS DE LARGO CABALLERO E INDALECIO PRIETO POR PARTE DO CONCELLO DE MADRID

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores valora positivamente a sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 30 de Madrid, que considera favorable o recurso interposto por UGT que anula o acordo do Pleno do Concello de Madrid que retirou as rúas de Francisco Largo Caballero e de Indalecio Prieto e a placa conmemorativa a Largo Caballero no distrito de Chamberí, debendo restituíla.

UGT lembra que procedeu a interpoñer unha querela contra o Concello por delitos contra o patrimonio e por prevaricación administrativa, inadmitíndoa por parte do Xulgado de Instrución número 26 de Madrid. O sindicato recorreu en apelación esta decisión ante

a Audiencia Provincial de Madrid, que a admitiu en decembro de 2021.

Para UGT, a sentenza favorable por parte do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 30 de Madrid é unha noticia moi relevante na defensa da memoria da figura histórica do sindicalismo español e internacional que encarnan tanto Francisco Largo Caballero como Indalecio Prieto, e ante a grave actuación do Concello de Madrid, coa convivencia dos partidos políticos de Vox, PP e Cs, que decidiron retirar o nome de Francisco Largo Caballero e de Indalecio Prieto das rúas de Madrid, e retirar e destruír a placa que, en homenaxe ao primeiro deles, estaba colocada na fachada da Xunta do Distrito de Chamberí.

Ademais, a sentenza recolle que Largo Caballero e Indalecio Prieto non exaltaron a sublevación militar contra o Goberno lexítimo e constitucional da II República, nin fomentaron ou apoiaron o golpe de estado, así como tampouco exaltaron a represión da Ditadura, xa que ambos morreron no exilio, polo que en ningún caso entran nos supostos previstos no artigo 15 da Lei de Memoria Histórica de 2007, de Zapatero. UGT seguirá reivindicando as figuras exemplares destas dúas referencias históricas para as xeracións de uxetistas, recuperando as dedicatorias das súas rúas en Madrid e rehabilitando e reintegrando a súa placa conmemorativa na praza de Chamberí, da que nunca debeu ser arrincada e destruída.

## UNHA REFORMA LABORAL PARA GAÑAR DEREITOS

**Redacción.-** Tras os seis primeiros meses de vixencia, os efectos positivos da reforma laboral son claros: aumentou a estabilidade e a calidade do emprego, elevou o número de contratos, incrementou os dereitos e as condicións de vida e emprego das persoas traballadoras e diminuíu o desemprego, a precariedade, a desigualdade e os niveis de pobreza xerados polas últimas reformas

É, con diferenza, a reforma que tivo mellores resultados nos seis primeiros meses das últimas catro (2006, 2010, 2012 e 2021). Así o demostra o informe: "Primeiros efectos da reforma laboral de 2021. Golpe á temporalidade e mellora de dereitos", elaborado polo Servizo de Estudos Confederal de UGT, que sinala que a reforma laboral produciu un forte aumento da contratación indefinida, reducíndose así de maneira moi importante a taxa de temporalidade e elevándose o peso do emprego estable, e beneficiando máis a algúns dos grupos poboacionais e ramas de actividade que tradicionalmente tiñan condicións contractuais máis precarias.

Desta forma, os indefinidos aumentaron un 14,7% e reduciuse a taxa de temporalidade en case 8 puntos, en contraste coa de 2012 (a peor das catro reformas), tras a cal a taxa de temporalidade aumentou un 1,6% e os indefinidos caeron un 2,6%. O peso da contratación indefinida multiplicouse por cinco. Un de cada tres contratos foi indefinido (case un de cada 2 se se ten en conta o trimestre de abril a xuño), mentres que a media anual de 1985 a 2021 foi tan só do 8,1%, e o ano coa maior porcentaxe foi 2007, con tan só un 11,9%.

Ademais, a taxa de temporalidade cae

ao seu nivel máis baixo. A caída da taxa foi constante desde inicios de ano, ata alcanzar no mes de xuño o seu nivel máis baixo, o 20,2%. Nos seis meses do ano a taxa media é do 23,8%, tamén o mínimo anual desde o comezo da serie, en 2005. Unha incidencia positiva que repercutiu en maior medida nas persoas mozas menores de 30 anos, cuxa taxa de temporalidade en xuño de 2022 (33,9%) baixou 18 puntos desde decembro de 2021, e máis de 20 puntos respecto ao mes de xuño de 2019.

Os contratos temporais a tempo parcial tamén descendieron (un 35%), do mesmo xeito que os contratos de curta duración, onde os de menos dun mes redúcense en 7,1 puntos porcentuais respecto á etapa prepandemia, e os inferiores a 7 días caen 8 puntos.

### Evita despedimentos e mellora salarios

A reforma laboral de 2021, ademais de mellorar a calidade e cantidade do emprego, achegou outras solucións ao mercado de traballo para evitar despedimentos e mellorar as condicións laborais das persoas. Neste sentido, aumenta a flexibilidade interna das empresas coa figura dos ERTE como mecanismo de axuste en substitución do despedimento.

Nun escenario marcado pola desaceleración económica e a incerteza no contexto internacional, os despedimentos colectivos caen nos catro primeiros meses de 2022 un 61,7% con respecto ao ano



anterior, mentres que desde que entrou en vigor o novo mecanismo REDE (17 de marzo) apréciase un certo aumento da utilización dos ERTE.

Ademais, en materia salarial, a reforma xa mellorou as condicións de moitas persoas traballadoras das empresas multiservizos, con incrementos que poderían situarse entre os 1.000 e 7.000 euros anuais, segundo o convenio do que se trate.

Por todo iso, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores pon en valor a reforma laboral acordada en 2021. A evidencia e os datos mostran que o impacto para as persoas traballadoras foi, mesmo, maior do esperado nos seis primeiros meses do ano e que as críticas que viñeron sinalando que os cambios son cosméticos resultan infundadas e improcedentes. Os cambios efectuados por este acordo son reais e están a supoñer unha mellora da estabilidade do emprego, da calidade de vida da poboación traballadora e da eficiencia xeral do sistema de relacións laborais que se debe seguir confirmando nos próximos meses.

## OS SALARIOS DO EMPREGO TIC DEBEN ESTAR Á ALTURA DO DESENVOLVEMENTO DA DIXITALIZACIÓN NO NOSO PAÍS

**Redacción.-** Os novos datos sobre o Sector das Tecnoloxías da Información e das Comunicacions (TIC) publicados esta semana polo INE, correspondentes ao ano 2020, volven revocar o mito das grandes oportunidades de emprego no Sector TIC.

Desta forma, a Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores denuncia que, a pesar de que se rexistra un leve incremento do emprego total, os salarios baixaron, de media, un 1,5% neste sector. Aínda que existen grandes diferenzas por cada unha das ramas, non se pode negar a realidade que confirman os datos: existe unha tendencia continuada á

precarización no sector, confirmando así as conclusións do estudo de UGT sobre emprego tecnolóxico en España, cada vez peor remunerado, con peores condicións laborais e con elevadísimo paro.

Para UGT, trátase, ademais, dunha tendencia que ameaza con agudizarse se nos atemos ás advertencias que están realizado moitos xigantes dixitais, que xa están a propoñer recortes de emprego ou os están efectuando directamente.

UGT considera imprescindible situar as condicións de traballo deste sector á altura da expansión da dixitalización e as novas tecnoloxías na nosa economía.

Urxe constituír un plan de emprego dixital onde as condicións laborais e salariais das persoas traballadoras, e as verdadeiras necesidades de emprego, se cuantifiquen.

Administracións Públicas, empresas, patronal e sindicatos deben negociar e acordar convenios colectivos salarialmente xustos, mentres se despregan plans de formación que permitan equilibrar, de forma eficiente e real, oferta e demanda. A dixitalización non ten sentido se non é sostible e, por iso, debe repartir os seus beneficios, de forma equánime, entre forza de traballo, cidadá e empresas.